



## **Expediente núm.: 362/2018**

### **Providencia de Alcaldía**

**Procedemento:** CONVOCATORIA E CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO NA MODALIDADE DE COMEDOR E TRANSPORTE.- CONCORRENCIA NON COMPETITIVA

## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE, NAS MODALIDADES DE COMEDOR E TRANSPORTE**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de atender ou contribuir a satisfacer as necesidades efectivas dos estudantes segundo as súas circunstancias socioeconómicas e académicas, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, formúlanse as presentes bases que regulan as bolsas e axudas ao estudo do Concello de Xove, nas modalidades de comedor e transporte.

### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados de:

A) Gastos de comedor para: Estudantes de ensinos en centros públicos da comarca da Mariña que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus horarios.

B) Gastos de desprazamento para:

1.- Estudantes que cursen ciclos formativos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela cando o seu horario escolar non sexa compatible co bus escolar municipal.

2.- Estudantes de ciclos formativos en centros da Mariña Lucense, agás os recollidos no punto anterior.

3.- Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca.

4.- Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores.

5.- Estudantes universitarios en universidades españolas.

As axudas recollidas neste apartado B) serán incompatibles coas axudas ao estudo do Concello de Xove na modalidade de transporte mediante o sistema de bonobús, agás naqueles casos nos que este bonobús non cubra a totalidade do traxecto.



Aos efectos das presentes Bases, enténdese por Axuda ao estudo "toda cantidade ou beneficio que o Concello de Xove conceda a quen desexe realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias"

## SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 4.500,00 € (partida 326.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

## TERCEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos para cada unha das dúas liñas de axuda existentes, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

## CUARTA.- CONTÍA DAS AXUDAS

O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

A.-Axudas de comedor para estudantes de ensinos en centros públicos da comarca da mariña que precisen comer fóra de Xove a causa dos sesu horarios: 240,00 euros cada unha

B.- Axudas de desprazamento:

1.-Axudas para estudantes que cursen ciclos formativos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela cando o seu horario escolar non seña compatible co bus escolar municipal: 300,00 euros cada unha.

2.- Axudas para estudantes de ciclos formativos en centros da Mariña Lucense, agás os recollidos no punto anterior: 300,00 euros cada unha.



3.- Axudas para estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca: 150,00 euros cada unha.

4.- Axudas para estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores: 150,00 euros cada unha.

5.- Axudas para estudantes universitarios en universidades españolas: 150,00 euros cada unha.

## QUINTA.- RENTA PER CÁPITA FAMILIAR

1.- Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

2.- A renda per cápita familiar non poderá superar as contías seguintes:

Para axudas de transporte: sen límite

Para axudas de comedor, límite de 4.500,00 euros.

3.- Enténdese por unidade familiar a unidade de convivencia, de acordo cos datos extraídos do Padrón Municipal de Habitantes.

## SEXTA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os interesados na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove, salvo no caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requerirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Nos casos de estudantes de ciclos formativos deberán ter superado como mínimo o 70% das asignaturas matriculadas, e no caso de estudantes universitarios e de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores, o 65% dos créditos matriculados.

## SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

a.- Impreso de solicitude

b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante

c.- Fotocopia do Libro de Familia

d.- Certificado de empadramento e convivencia

e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda

f.- Copia compulsada da declaración da renda de tódolos maiores de idade da unidade familiar, para as axudas de comedor.



Caso de non estar obrigados a presentar tal declaración, presentaranse nóminas ou certificacións acreditativas dos ingresos obtidos durante o pasado ano, así como certificación da AEAT de non atoparse dentro do censo de declarantes.

Para o caso de ingresos que non podan ser demostrados documentalmente, requirirase unha declaración xurada do solicitante.

g.- Xustificante das contías das pensións que se perciban por parte dalgún membro da unidade familiar, para as axudas de comedor.

h.- Certificación de conta bancaria.

Os ingresos a computar serán:

-Cando se presente declaración da renda; a base imposable xeral mais a base do aforro

-Cando non hai declaración da renda: nóminas ou certificacións de empresas

-A estes ingresos engadiranse no seu caso, as pensións de carácter non asistencial (excluíndo polo tanto P.N.C., RISGA..) percibidas por calquera membro da unidade familiar.

A presentación da solicitude de bolsa ou axuda implicará a autorización ao Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante e a súa unidade familiar necesarios para determinar a obtención ou non da bolsa ou axuda.

## OITAVA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados en acceder ás axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello, acompañado da documentación a que se refire a Cláusula Sétima.

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados no Departamento de Servizos Sociais e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello.

O prazo de presentación das solicitudes abarcará desde o luns 18 de xuño ata o venres 6 de xullo, ámbolos dous incluídos. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración de dita prórroga poda exceder de 10 días.

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## NOVENA.- INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

1.- As solicitudes de axudas reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 5 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.



2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Servizos Sociais, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

3.- A resolución notificarse aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local.

## DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

## UNDÉCIMA.- TRAMITACIÓN E PAGO.

O pago das bolsas e axudas realizarase mediante cheque ou transferencia bancaria, en función das disponibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado
- Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da bolsa, no modelo normalizado.
- Certificación académica das notas acadadas no curso para o que se solicita a axuda.

## DUODÉCIMA.- COMPATIBILIDADES



As axudas previstas na Base Primeira A) e B) no seu apartado 1, son compatibles entre sí.

## DÉCIMOTERCEIRA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo as seguintes:

- 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases
- 2.- Destinar a axuda á finalidade para a que se concede.
- 3.- Non ocultar calquera fonte de renda, o que poderá dar lugar á denegación da bolsa ou axuda solicitada.
- 4.- De revogarse a concesión dunha axuda ó estudo, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas
- 5.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento
- 6.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

## DÉCIMOCUARTA.- VERIFICACIÓN E CONTROL

As adxudicacións de bolsas ou axudas ó estudo poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concurríuse en ocultación ou falseamento de datos.

Co fin de determinar os mecanismos máis adecuados de estimación real de rentas, situación económica ou situación académica real dos solicitantes aos efectos de adxudicación de bolsas ou axudas, e co mesmo fin, aos efectos de poder obter a información da situación real dos solicitantes ou beneficiarios de bolsas ou axudas, a presentación da solicitude implicará a autorización ó Concello de Xove para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación da axuda ou bolsa.

Para intensifica-lo control que evite o fraude na documentación examinada para obter a bolsa, o Concello poderá determinar que se dá ocultación a que se refire o apartado anterior por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera órgano das Administracións Públicas.

## DÉCIMOQUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación dunha solicitude de axuda por traballadores/as ou empresarios/as supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.



## **DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**